



PLAN DIXITAL

Ceip Plurilingüe Condesa de Fenosa

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O Ceip Plurilingüe Condese de Fenosa está situado na rúa Coruña 24 -- 32300, na localidade de O Barco de Valdeorras, na provincia de Ourense.

O enderezo de correo electrónico é : ceip.condesa.fenosa@edu.xunta.gal, e pola súa banda a páxina Web do centro é accesible dende <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcondesafenosa/>

O ceip Condese de Fenosa atende ás etapas de ensino infantil e primario. O número de alumnado que arestora está matriculado no centro e a súa distribución nos cursos e etapas é a que reflicte a táboa que se achega:

Distribución dos alumnos							
Ensino Infantil		1º ciclo primaria		2º ciclo primaria		3º ciclo primaria	
EI3aA	16	1ºA	17	3ºA	21	5ºA	18
EI3aB	16	1ºB	17	3ºB	20	5ºB	18
EI4aA	17	2ºA	22	4ºA	15	6ºA	24
EI4aB	17	2ºB	24	4ºB	15	6ºB	22
EI5aA	19	Total	80	Total	71	Total	82
EI5aB	19	Total Ensino Primario: 233					
Total EI	104						
Total alumnado do centro 337							

Pola súa banda o profesorado que traballa no centro, a súa distribución por especialidades e a súa condición laboral (importante en canto que indica unha maior ou menor posibilidade de estabilidade da plantilla), detállase no seguinte cadro:

Nivel ou Especialidade	Catálogo do centro	Persoal definitivo	Profesorado non definitivo	Total persoal
Educación infantil	8	4	4	8
Ensino primario	11	9	2	11
Pedagogía Terapéutica	2	2	3	5
Audición e Linguaxe	1	0	2	2
Música	1	1	1*1	2
Inglés	2	2	0	2
Francés	1	0	1	1
Educación Física	2	2	0	2
Relixión	0	0	1	1
Orientación	1	1	0	1
Auxiliar de Conversa	0	0	1	1
TOTAL	29	21	15	36

1 Compartido co Ceip Xosé Manuel Folla Respino de Vilamartín de Valdeorras

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

● *Situación socio-económica e cultural do entorno escolar*

O CEIP Condesa de Fenosa atópase no Concello do Barco de Valdeorras, a 110 quilómetros da capital provincial, e a 17 da linde administrativa coa comunidade de Castela-León. Ten unha poboación duns 14.000 habitantes, moitos deles orixinarios doutras comarcas e rexións, que se instalan en Valdeorras por causas laboráis. Moitas persoas chegaron dende Portugal en busca de traballo nas canteiras de lousa, asentándose no Barco, por ser o centro urbano máis importante da comarca. A economía da comarca aséntase no sector primario, destacando como principal fonte de recursos a extracción de pizarra. Asemade colle pulo a produción de viño e de castañas, tras superar a crise dos anos 70-80 e apostar por unha reconversión do sector, que se ten plasmado na apertura de novas e modernas adegas, así como de naves de elaboración agroindustrial dos derivados da castaña.

No sector secundario destaca a fábrica de CEDIE, adicada á produción de carburos, áridos e químicos. Asimesmo existe un amplo sector de servizos, tanto da administración, sanidade e ensino, e unha abundosa, para o tamaño do concello, oferta do pequeno e mediano comercio. O desenvolvemento económico da comarca arrinca nos anos 60 coa comercialización da lousa cara a Francia, país con gran tradición pizarreira e que exerce unha gran demanda de materias primas para fornecer o seu mercado. Este fenómeno provocou unha vaga de apertura de explotacións que cumprían de moita man de obra, o que atraeu un número considerable de emigrantes procedentes de Portugal e Latinoamérica, principalmente.

O Barco comunícase cos pobos do seu entorno por medio de estradas comarcais e locais, e con Ponferrada e Ourense ao través da N-120. Conta cunha estación de autobuses e outra dos camiños de ferro, aínda que esta non fai máis que perder dotacións e viaxeiros.

O Concello conta con variados servizos, entre os que se poden sinalar:

- 1. Deportivos: dous polideportivos cubertos municipais, campo de fútbol dotado de pistas de atletismo, pistas de tenis e canchas de baloncesto ao ar libre, escola de piragüismo*
- 2. Zonas de lecer: ó redor do río Sil (Malecón e Salgueiral) senllas áreas de paseo, parques infantís (manifestamente insuficientes para a demanda que existe)*
- 3. Servizos culturais: Casa da cultura (cunha programación que inclúe exposicións, teatro, cine, actuacións musicais...), Biblioteca pública, Conservatorio, Escola de Gaitas, e diversas asociacións veciñais e culturais (IEV, Vía Nova, Porto da Barca...). Tamén existen outras asociacións de índole diversa como clubs deportivos (Montañeiros, atletismo, baloncesto, piragüismo...), orfeón valdeorrés, rondalla...*

En referencia aos grupos relixiosos existentes na vila, destacan maioritariamente os católicos, en un segundo lugar as Testemuñas de Xehová, cun templo de seu na vila.

Relación entre os membros do colectivo:

Aínda que non existen graves problemas de marxinación, nin de inseguridade cidadá, si convén sinalar que se están a dar, nos últimos anos, certos problemas de marxinalidade no entorno dos inmigrantes de diversas nacionalidades. Asimesmo detéctase un aumento da prostitución, drogadicción e alcolismo, coas consecuentes problemáticas familiares que xeneran. A vila do Barco, que como vimos, é de medre relativamente recente, conta cunha

poboación autóctona de mediana idade, incrementada non so pola inmigración exterior, senón tamén pola chegada de novos poboadores dos pobos circundantes atraídos polos maiores servizos, facilidades e mellor calidade de vida. As unidades familiares reflicten unha alta porcentaxe de parellas xoves, nas que en moitos casos, ambos os dous pais traballan fóra da casa.

Nivel socio-económico familiar

Pódese decir que o sector maioritario é o dunha clase media, media-baixa, aínda que existen sectores de niveis altos e baixos. O nivel cultural non é moi alto en liñas xerais, aínda que tamén eiquí existe unha porcentaxe de niveis superiores relacionadas con profesións liberais. Nas expectativas que os pais teñen respecto dos seus fillos, sinalar que maioritariamente esperan que continúen estudos (Bacharelato), se ben logo a lonxanía dos centros universitarios, con só a presenza dun centro asociado da UNED na comarca, mingua as expectativas de continuidade os estudos superiores. Tamén é de subliñar o preocupante aspecto de que moitos alumnos se prantexen como alternativa a curto prazo entrar a traballar nalgunha das canteiras de lousa da comarca, atraídos pola independencia que lles concede o feito de ganar un salario sendo tan xoves. Isto actúa como freo para a súa motivación escolar

- **Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro:**

No noso centro existe dende hai bastantes anos un consenso de toda a comunidade escolar, impulsada dende o equipo directivo, de introdución das novas tecnoloxías da información e da comunicación na práctica educativa cotián do centro. Este consenso levounos a levar adiante accións en tres frentes para acadar un uso normalizado das mesmas.

Nun primeiro lugar traballamos para termos unha dotación de equipamentos suficiente, tanto a nivel de adquisicións propias (PDI, ordenadores e proxectores en cada aula, dotación dunha sala de recursos para o profesorado...) como participando en distintos programas de innovación educativa como Abalar e Edixgal dende a súa creación.

Así mesmo dende a Biblioteca Escolar se realizou unha importante achega de recursos (tablets, portátiles de alumnado, pantallas chromecast, impresora 3D...) e se acadaron doazóns de institucións (Hospital Público de Valdeorras) que nos permiten, arestora, contar cunha dotación suficiente na aula de informática.

Nun segundo plano fomentouse a formación do profesorado no uso e emprego das novas tecnoloxías. Neste eido subliñar os traballos realizados dende hai máis de 20 anos con Clic 2.0, JClic, EdiLIM, Ardora, HotPotatoes, eXelearning, Moodle, etc... A participación na formación do profesorado sempre foi maioritaria e permitiu ir avanzando aos poucos na elaboración de produtos educativos propios e na incorporación destes na práctica educativa cotián.

A pandemia nestes últimos anos incrementou, se couber, o compromiso coa formación do profesorado e o uso que se fai no centro da aula virtual. Tamén nestes últimos anos e á calor das necesidades de comunicación xeradas polo confinamento, fíxose evidente a necesidade de uso das canles corporativas para evitar o emprego de mensaxerías comerciais, feito que se veu reflectido na elaboración e aprobación dun plan de comunicación no curso 20-21.

O terceiro eido no que se ten traballado, a máis da dotación material e a formación, é na creación dun espazo web e un perfil en redes sociais que achegue unha imaxe dinámica do centro, amose as súas actividades dun xeito aberto e democrático, permitindo a todos o usuarios coñecer os nosos documentos e programacións ao tempo que sexa un escaparate da actividade do centro.

Os programas relacionados coas novas tecnoloxías nos que participa o noso centro son Abalar e Edixgal, o proxecto Digicraft e distintas actuacións relacionadas coa biblioteca escolar, como son os programas de Biblioteca Creativa onde se traballan entre outras cousas a robótica, programación e impresión 3D.

- *Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.*

O plan Dixital do centro sen dúbida vai influír en diferentes aspectos na programación xeral do vindeiro curso, xa que nel van reflectidos distintos compromisos de formación e de actuacións que terán que ter a súa cabida na PXA, en tanto serán eixos primordiais das actividades de formación do vindeiro curso académico.

Por outra banda cada ciclo terá que determinar, tal e como se verá nos obxectivos deste plan Dixital, os contidos a traballar co alumnado para a realización do itinerario de formación básica en contornas dixitais. Estes contidos serán integrados nas programacións de aula e se fará referencia a eles na propia PXA como obxectivos de ciclo.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A normativa aplicable ao noso Plan Dixital é a seguinte:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

Descrición da organización e do proceso de elaboración do PD dentro do Equipo de Dinamización do Plan Dixital.

Para a elaboración do Plan Dixital, e dado que se estableceu un curso dentro da aula dixital do Adix, o coordinador tivo que participar neste curso e foi o encargado de transmitir as tarefas a realizar a todo o equipo dinamizador do Plan Dixital.

En canto houbo tarefas que realizar o proceso foi o de establecer reunións de todo o equipo e establecer as liñas xerais. Nalgúns casos o proceso de redacción dalgún dos traballos fíxose pequenos grupos, por lle dar un carácter máis eficiente ao proceso, e logo puxéronse en común e rectificáronse co grupo ao completo, e recollendo as achegas de tod@s@s participantes.

Certamente os pasos parecerónos axeitados, pero non a temporización dos mesmos, xa que ao estarmos supeditados aos prazos establecidos polo curso da Aula Virtual, a realidade foi que tivemos un comezo moi lento e unha carga de traballo excesiva na parte final do curso.

Pensamos que unha distribución máis equilibrada do proceso de toma de contacto coa realidade e do de programación dos obxectivos do plan de acción, permitiría que este último estivese máis acabado e axeitado ás nosas necesidades, mentres que o que sucedeu foi que é a parte de elaboración máis apresurada. Botamos en falta que neste proceso de programación dos obxectivos do plan de Acción se puidese consultar ao resto do claustro o seu parecer, xa que son obxectivos que lles incumben en tanto van ser parte das tarefas do centro para o curso que vén.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O noso centro conta con conexións cableadas en todos os espazos do centro, agás no pavillón polideportivo que carece dos mesmos. Ten, así mesmo, catro redes wifi Abalar, unha wifi no segundo andar do edificio, e outras redes Wifi situadas en Dirección, Biblioteca e nas aulas de 3º e 4º de primaria.

Contamos con 4 aulas dixitalizadas, unha aula de informática e estamos integrados, dende a súa creación, no proxecto Edisgal para 5º e 6º de ensino primario.

Na Biblioteca funcionan 4 portátiles para o alumnado, 2 equipos de sobremesa para a xestión da biblioteca e contamos con 10 convertibles para traballo do alumnado.

Contamos cunha sala para traballo do profesorado con 5 ordenadores de sobremesa, impresora a cores e outra en b/n.

Dirección, xefatura de estudos e secretaría contan con dotación de ordenadores de sobremesa (2) e portátiles (3), e cinco impresoras, dúas delas a cores.

Aínda que está solicitado e feito o estudo para a súa implementación, carecemos de infraestrutura de voz nestes momentos, sendo esta unha necesidade imperiosa, xa que a centralita que temos por contrato con R-cable está en moi mal estado, e o cableado fai que espazos tan importantes como dirección careza de conexión telefónica. A substitución desta centralita suporía unha carga económica importante, máis se temos en conta que estamos en espera da nosa inclusión nas infraestruturas de voz corporativas, co que este investimento ten unha data próxima de caducidade.

O centro conta cunha páxina web que se actualiza con frecuencia e na que se recolle toda a documentación que se xenera no centro, realízanse avisos de convocatorias públicas, infórmase das minutas do comedor, danse noticias das actividades do centro, etc..

A aula virtual está en funcionamento, contando cunha estrutura completa para dar cabida a todos os cursos e materias, con espazos para a documentación do profesorado, programas de formación en centros, espazos para Biblioteca e Normalización Lingüística. Nestes últimos anos, co gallo dos confinamentos relacionados coa pandemia da Covid, a aula virtual tomou novos pulos converténdose nun eixo fundamental da actividade educativa do centro.

Aula	PC	Portátil	Tablets	PDI/Proxector	Carro carga	Impresora
PB1	1		2	1		1
PB2	1		2	1		1

PB3	1		2	1		1
PB4	1		2	1		1
PB5	1		2	1		1
PB6	1		2	1		1
Recursos mestres	5					3
Secretaría	1	1				3
Dirección	1	2				2
Sala mestres						
Salón de actos		1		1		
Psicomotricidade						
Comedor 1						
Comedor 2						
Biblioteca	2	4	13	1		1
A, Música	1			1		
A. Inglés		1		1		
A. Informática	19			1		
PA1	1			1		
PA2		1		1		
PA3		1		1		
PA4		1		1		
PA5		1		1		
PA6	1	1 (17 abalar1)		1		
PA7		1 (18 abalar1)		1		
SA1		1 (24 abalar2)		1	1	
SA2		1 (24 abalar2)		1	1	
SA3	1	1 (21 abalar1)		1		
SA4		1 (22 abalar1)		1		
SA5		1 (19 abalar2)		1	1	
SA6		1 (19 abalar2)		1	1	
SA7	1			1		
SA8		1		1		
Radio		2 (10 abalar)				2
Orientación		1				1
C1		1				
C2		1		1		
C3		1				
C4		1				

O mantemento do equipamento do centro faise a traves do equipo do Plan Dixital, que canaliza as incidencias cos equipos para transmitíllelas ao coordinador do mesmo. Tras unha primeira análise da incidencia, e no caso de que requira unha intervención especializada, o coordinador ponse en contacto co servizo premium ou coa UAC (dependendo da orixe da incidencia) e se toman as medidas que indiquen os servizos especializados.

O centro conta cun plan TIC dende o ano 2013 ao que se pode acceder no enderezo web: http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcondesafenosa/system/files/plan_tic_2013.pdf

Tamén contamos cun plan de comunicación, como indicamos anteriormente, realizado no curso 2020-2021, ao que se pode acceder dende este enderezo: http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcondesafenosa/system/files/Plan_de_comunicacion.pdf

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,4				
	Profesorado	3,8				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,4				
	Profesorado	3,8				
	Alumnado	2,9				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,9				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado	3,9				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,7				
	Profesorado	4,2				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,2				
	Profesorado	4,2				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,4				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado	3,5				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,2				
	Profesorado	3,8				
	Alumnado	3,7				

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	14	21	66,7%
PROVISIONAL	1	2	50%
INTERINO	7	10	70%
SUBSTITUTO	0	2	0%
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
72,3	B1	76,4	B1

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf	58,7	A2	66,2	B1
Prim	82,8	B1	77,3	B1

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	4,3%
A2	10	43,5%
B1	6	26,1%
B2	4	17,4%
C1	2	8,7%
C2		
TOTAL	23	100,00%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Boa dotación de dispositivos para o proceso de ensino aprendizaxe, tanto nas aulas coma para o uso individual do alumnado	A asistencia técnica subministrada pola UAC tarda ás veces demasiado tempo. Algúns equipos de alumnado (3º e 4º) están case obsoletos.
	PERSOAL DOCENTE	Existe un compromiso para a formación continua do profesorado	Baixo nivel de aplicación dos protocolos de uso dos diferentes dispositivos
	PERSOAL NON DOCENTE	Hai certa dispoñibilidade para o manexo de recursos dixitais propios dos seus traballos	Non existe un programa de formación específico para o persoal non docente
	ALUMNADO	Están motivados para o emprego da gran variedade de recursos dixitais que se ofertan dende o centro	Sensación de falso control e ausencia de crítica no uso dos recursos web
	FAMILIAS	Amosan disposición para aprender novos recursos cando se propón o seu uso por parte do profesorado	Teñen unha concepción unicamente lúdica dos dispositivos dixitais
	OFERTA	A oferta se vai ampliando segundo van xurdindo novos retos dixitais	A oferta de recursos non implica á maioría do profesorado, recaíndo só nun pequeno grupo
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Existe un plan de uso de recursos dixitais e de comunicación coas familias	Non todo o persoal coñece e cumpre as liñas mestras marcadas polos plans TIC e de comunicación
EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Existen departamentos que orientan o traballo dos centros (asesoría de bibliotecas).	Está a diminuír a oferta de formación dende os CEFORES, e os PFPs en moitos casos non apuntan a liñas innovadoras axeitadas
	LEXISLACIÓN	A lexislación actual permite, cando menos no papel, liñas de traballo innovadoras	A inestabilidade lexislativa crea inseguridade no profesorado e unha sobrecarga de traballo burocrático
	CONTORNA	Un motor de colaboración e axuda en todas as tarefas que se propoñen e incluso fan as súas propias aportacións	Non todas as familias están representadas na ANPA
	ANPA	Existe unha dispoñibilidade para a colaboración por parte de institucións e empresas	Non existe oferta cultural axeitada e estamos alonxados das zonas onde estas si existen
	OUTRAS ENTIDADES	Existe unha tradición de colaboración con diversas entidades locais (HCV, Centro Saúde, Protectoras, Clínicas Veterinarias, residencias da terceira idade...)	Non sempre a colaboración é recíproca

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Unha vez coñecidos os resultados do test de CDD e os do Selfie, que dan unha visión panorámica das necesidades do centro, o equipo de dinamización do plan Dixital reuniuse e determinou cales son as necesidades específicas propias do centro, isto é, aquelas que podemos nós mesmos facer algo para solventalas, xa que existen multitude de factores dos que non temos responsabilidade nin posibilidade de modificar.

No noso caso as necesidades céntranse en continuar co proceso de formación e na aplicación dos protocolos de comunicación. Tamén temos un apartado referido á creación dun itinerario de contidos dixitais a traballar ao longo de toda a escolaridade do alumnado, co fin de acadar, cando menos, un nivel básico como usuarios das tecnoloxías dixitais.

Os obxectivos que se determinaron para o vindeiro curso son os seguintes:

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Tal e como se recolle noutros apartados deste plan, os equipamentos do alumnado de 3º e 4º, herdanza da primeira dotación de equipos do proxecto Abalar, están moi deteriorados e o seu uso faise cada día que pasa máis difícil. O traballo dentro da aula virtual nestes niveis educativos, ao nivel que se está a facer arestora, requiren dun equipamento que se ben non precisa ser de última xeración si que cómpre que teña un mínimo de funcionalidade.

É necesario para acometer a chegada dos nenos e nenas ao proxecto edixgal en boas condicións, unha práctica previa que só se pode acometer contando cun equipamento axeitado.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: Persoal docente						
1. OBXECTIVO (1):	Acadar un cumprimento axeitado dos protocolos Plan Dixital e de comunicación da maioría do claustro no curso 2022 – 2023.				Acadado	
RESPONSABLE:	Responsables do Plan Dixital dos ciclos. Xefe de estudos.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de profesorado que emprega ferramentas institucionais para comunicacións. Nº de incidencias rexistradas polo mal uso do protocolo Plan Dixital.					
Valor de partida (3)	Comunicación: Valor 5,2 no test CDD.					
Valor previsto e data (4)	Acadar, cando menos, valor 7,0 no test CDD.			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Elaboración dun calendario ao comezo de curso para familiarización coas TIC.	Xefe de estudos	30 setembro 2022	Wifi Ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Formación sobre mensaxería na aula virtual e App Abalar.	Coordinador e delegados Plan Dixital	22 decembro 2022	Wifi Ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Rexistro das incidencias producidas co protocolo de comunicación.	Coordinador Plan Dixital	7 de xaneiro a 1 de xullo 2023	Enquisa de uso dos recursos dixitais para comunicación de alumnado – familias – claustro. Rexistro cuantitativo e cualitativo das incidencias rexistradas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Personal docente e Comunidade escolar						
2. OBXECTIVO (1):	Dar a coñecer e potenciar o uso da páxina web do centro e aula virtual a toda a comunidade educativa.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de recursos que se suben á plataforma Uso da páxina do centro como páxina de inicio nos navegadores do centro. Número de visitas rexistradas na páxina do centro.					
Valor de partida (3)	Nº de mestres que teñen actualizada a aula virtual e nº de accesos por parte do alumnado. Fonte para os mestres enquisa en google forms -valor aprox. actual (vaa) 25%-; Fonte para o alumnado: informes de actividade por cursos de moodle -(vaa) 40%.					
Valor previsto e data (4)	Incremento dun 20% en ambos os dous valores			Fin do curso 2022 - 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Elaboración ao comezo de curso dun calendario de familiarización coas TIC	Xefe de estudos	15 de xullo 2022	Ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Colocación dun contador de visitas na aula virtual e na páxina web do centro	Coordinador do Plan Dixital Xefe de estudos	30 Setembro 2022	Descarga de internet ou elaboración propia		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Realización dunha enquisa ao comezo e final de curso sobre o emprego e uso das ferramentas institucionais	Responsables de ciclo	30 setembro 2022 (enquisa inicial) 20 xuño 2023 (enquisa final)	Cuestionario dixital		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: Personal docente						
3. OBXECTIVO (1):	Fomentar un plan de formación en ferramentas dixitais básicas para o profesorado.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador Plan Dixital.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Incremento do uso da aula virtual. Aumento do número de actividades realizadas na aula virtual.					
Valor de partida (3)	Indicador do test CDD (punto 2.1 (valor 5,5) e punto 3.1 (valor 4,5))					
Valor previsto e data (4)	Incrementar un 25% (acadar valores 6 e 5 respectivamente) o nivel de uso de ferramentas dixitais.				22 de Xuño 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Realización dunha avaliación inicial do profesorado en coñecemento e uso de ferramentas.	Coordinador de formación do centro	15 setembro 2022	Cuestionarios individuais para o profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Traballo por ciclos para favorecer o coñecemento de ferramentas dixitais.	Coordinador de formación do centro e responsables de ciclo	30 marzo 2023	Material funxible		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Autoavaliación docente dos coñecementos adquiridos.	Equipo docente	20 xuño 2023	Cuestionarios de avaliación final		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Áreas de mellora”: Persoal docente						
4. OBXECTIVO (1):	Elaborar un itinerario dixital co alumnado establecendo unha secuenciación dos contidos ao longo das etapas axeitada a súa idade.				Acadado	
RESPONSABLE:	Claustro en grupos. Responsables dixitais de cada ciclo e equipo docente conxunto ao final.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	A maioría do alumnado emprega ferramentas dixitais en base aos contidos secuenciados traballados.					
Valor de partida (3)	Documentos base: Programacións e Plan Dixital do centro. (valor de partida 0%)					
Valor previsto e data (4)	Informes de uso na memoria final do Itinerario dixital secuenciado (Valor previsto do 50% dos cursos nas dúas etapas educativas).			22 Xuño 2023.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Crear unha comisión cos responsables dixitais de cada ciclo para a determinación dos contidos dixitais.	Equipo dixital	22 decembro 2022	Persoal: equipo docente dixital. Material: ordenador e programacións.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Elaboración da secuencia de contidos dixitais para cada nivel acorde a idade e competencias.	Ciclos coordinados polo responsable dixital de cada un	22 decembro 2022	Persoal: equipo docente dixital. Material: ordenador e programacións.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Integración na práctica docente dos contidos dixitais correspondentes a cada nivel.	Profesorado titor e especialistas.	20 xuño 2023	Persoal: equipo docente. Material: aula informática (EI e 1º ciclo de EP) e equipos de alumnado (2º e 3º ciclo)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.4: Creación de escalas de estimación para rexistrar o nivel de contidos acadados.	Ciclos coordinados polo responsable dixital de cada un	20 xuño 2023	Secuencia creada de contidos dixitais.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART"** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
 - a. **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalzaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4. Avaliación do plan

O plan, a súa posta en marcha e a valoración dos resultados acadados, será avaliado ao remate de cada trimestre do curso.

Nesta avaliación procesual se propoñerán medidas de mellora no caso de se detectar erros no plan, for na temporización do mesmo, for nos resultados acadados.

Para realizar este proceso hase reunir o equipo de apoio ao plan dixital, que valorará, en función dos datos recollidos previamente o nivel de cumprimento dos indicadores de logro.

Ao remate do curso se realizará unha avaliación final dos logros acadados na realización deste plan, valorarase o nivel de cumprimento dos obxectivos e se propoñerán os xeitos de mellorar a consecución dos mesmos.

Os encargados da realización desta avaliación final sera o equipo de apoio ao plan dixital, que remitirá o seu informe para o estudo e aprobación por parte do claustro de mestres.

5. Difusión do plan

O plan será publicado, cando o resto da documentación do centro na páxina Web do centro. Así mesmo, nas reunións iniciais de curso, e nas de trimestre, se incluirá este punto de información do plan dixital e do plan de comunicación nas ordes do día das reunións.

Tamén se elaborará un pequeno resume dos obxectivos do plan que será enviado a toda a comunidade escolar ao través da mensaxería institucional.